

# SOLICITUDE DE CONVENIO E COMPROMISOS ASUMIDOS

ENTIDADE: ASOCIACIÓN PRO ENFERMOS MENTALES DE A CORUÑA "APEM"

D<sup>a</sup>. Antonia M<sup>a</sup> Eugenia Pérez Amieiro con DNI 51174396V como presidenta e representante da entidade ASOCIACIÓN PRO ENFERMOS MENTALES DE A CORUÑA, situada en A Coruña, Plaza de los Chopos Bl 22 nº 1 e CIF Nº G15034176, ante o Concello de Arteixo, a través deste escrito

1. SOLICITO unha subvención mediante a sinatura dun convenio para este ano 2024

2. DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

- Que a entidade á que represento non se atopa incurso en ningunha das causas de prohibición para ser beneficiaria de axudas ou subvencións públicas, a que fai referencia o artigo 13.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, que implica, entre outras condicións, que se atopa ao corrente coas súas obrigas coa Facenda e coa Seguridade Social.
- Que a entidade que represento non ten solicitada nin concedida, nin pendente de resolver ningunha subvención ou axuda para o mesmo fin que a solicitude que presento, de ningunha administración pública nin doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.

3. MEMORIA RESUMO DAS ACTIVIDADES QUE LLE SON PROPIAS.

A Asociación Pro Enfermos Mentales de A Coruña é unha entidade sen ánimo de lucro, declarada de utilidade pública e de ámbito provincial, cunha longa traxectoria de 43 anos no campo da atención integral ás persoas con problemas de saúde mental e as súas familias e/ou persoas achegadas, e na defensa dos seus dereitos universais.

As persoas que padecen unha enfermidade mental grave, presentan unha complexa problemática que afecta a diversos aspectos da súa vida. Comparten co resto da poboación problemáticas e necesidades comúns, e ademais presentan dificultades e necesidades específicas vinculadas á problemática psiquiátrica, psicosocial e social.

Por eso Apem desde a súa constitución, segue traballando para promover proxectos, servizos e programas especializados, coa finalidade de dar cobertura a todas as necesidades que se presentan no proceso de recuperación da persoa e do seu proxecto de vida.

Os recursos da asociación están situados en núcleos urbanos con fácil acceso, intermediación coa comunidade e demais recursos existentes, proximidade coas unidades de saúde mental e servizos sociais de referencia, por iso en función das necesidades detectadas, Apem puxo en funcionamento un novo centro de rehabilitación psicosocial e laboral no concello de Arteixo.

Actualmente Apem xestiona na área sanitaria da Coruña-Cee, 8 centros de rehabilitación psicosocial e laboral, 10 pisos protexidos, 1 unidade residencial e 1 centro de día para persoas con enfermidade mental dependentes.

#### 4. MEMORIA DA ACTIVIDADE PARA A QUE SE SOLICITA A AXUDA

| DENOMINACIÓN DO PROXECTO                                                                                                                                                     | ORZAMENTO ESTIMADO DE GASTOS | A CARGO DA ENTIDADE | SUBVENCIÓN SOLICITADA AO CONCELLO |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------|---------------------|-----------------------------------|
| CONCEPTOS PARA OS QUE SOLICITA A SUBVENCIÓN:<br>Gasto de persoal:<br>- Salario bruto psicólogo/a (48,65% de xornada<br>- Seguridade Social a cargo da empresa da psicólogo/a | 17.290,20 €                  | 4.290,20            | 13.000,00 €                       |
|                                                                                                                                                                              |                              |                     |                                   |
|                                                                                                                                                                              |                              |                     |                                   |
|                                                                                                                                                                              |                              |                     |                                   |

Descrición detallada da actividade que ten previsto desenvolver en 2024:  
e que veña desenvolvendo, así como das programadas a traves do convenio a asinar.

O Centro de rehabilitación psicosocial e laboral de Arteixo, é unha unidade de apoio comunitario que presta unha atención diurna, globalizadora e interdisciplinaria, dirixida ás persoas con trastornos mentais persistentes e aos seus familiares, coa finalidade da súa rehabilitación e integración social.

As funcións xerais do servizo, segundo a Orde do 23 de outubro de 1998 de regulación dos centros de rehabilitación psicosocial e laboral para enfermos mentais crónicos como desenvolvemento dos dispositivos de apoio comunitario, son:

- 1.- O mantemento na contorna comunitaria das persoas con discapacidade a consecuencia de padecer enfermidades mentais crónicas, promovendo e apoiando a súa integración psicosocial e laboral.
- 2.- Mellorar o funcionamento psicosocial da persoa afectada, posibilitando a maior autonomía e independencia posible.
- 3.- O apoio ás familias das persoas con enfermidades mentais crónicas, favorecendo as súas capacidades e recursos de adaptación a enfermidade, e promovendo unha mellora na súa calidade de vida.
- 4.- A prestación de servizos de rehabilitación psíquica, social e laboral, podendo estar conectados con outros recursos que os realicen.

A rehabilitación psicosocial ha de estar enmarcada no modelo de atención comunitaria e ter un enfoque baseado na recuperación do proxecto vital da persoa e a súa plena inclusión, contando coa súa participación activa e promovendo a súa autonomía e empoderamento, polo que se require unha actuación integral e coordinada cos equipos e recursos implicados no proceso de atención á persoa usuaria.

No CRPL de Arteixo préstase atención directa ás persoas usuarias co desenvolvemento dos seguintes programas, dando unha resposta individualizada a problemáticas e demandas que poidan xurdir en cada caso:

- *Programa de rehabilitación das capacidades cognitivas:*

Os déficits no funcionamento cognitivo das persoas con enfermidade mental poden afectar a aspectos como: velocidade de procesamento, atención/vixilancia, memoria de traballo, aprendizaxe verbal e memoria, aprendizaxe visual e memoria, razoamento e solución de problemas, comprensión verbal e cognición social.

Os obxectivos deste programa son: mellorar o funcionamento cognitivo da persoa a través da restauración das funcións cognitivas deterioradas, a compensación das funcións perdidas e a optimización das funcións conservadas. Dita mellora deberá traducirse e orientarse cara a un mellor funcionamento psicosocial e unha maior calidade de vida.

- *Programa de habilidades para a vida diaria*

Trátase da intervención nas áreas do comportamento relacionadas co autocuidado, a competencia persoal, planificación económica, os hábitos de alimentación e de coidados xerais da saúde, co obxectivo de aumentar a

independencia e a autonomía en aspectos considerados básicos e cotiáns. O programa consta de varias áreas de traballo (hixiene e saúde persoal, coidados persoais, habilidades domésticas, prevención de riscos no fogar e autonomía na alimentación etc.), cada unha das cales contén diferentes sesións e obxectivos concretos a traballar con cada persoa usuaria en función das súas necesidades específicas.

- *Programa de habilidades sociais:*

Un dos obxectivos fundamentais é fomentar a independencia das persoas usuarias, dotándoas de ferramentas que lles permitan o desenvolvemento autosuficiente das súas vidas. Este programa pretende mellorar as competencias e habilidades relacionadas coa interacción social a través de procesos estruturados de adestramento e aprendizaxe de habilidades específicas aos diferentes contextos e situacións nas que se desenvolve a persoa.

Os obxectivos destas actividades son:

- Facilitar as persoas ferramentas para unha vida autónoma.
- Traballar o xeito de interactuar con outros en situacións da vida diaria.
- Favorecer unha interacción social adaptada.
- Entrenamento en habilidades comunicativas
- Promoción da socialización

- *Programa autocontrol emocional:*

Trátase de poñer en práctica actividades de autocontrol das emocións e de situacións de estrés e o adestramento en técnicas de afrontamento de estados de ánimo como a ansiedade, o medo, a ira ou a depresión.

Os obxectivos a acadar con esta actividade son:

- Aumentar o nivel de autoconciencia e autocoñecemento.
- Aumentar as habilidades de afrontamento e resolución de situación ou problemas cotiáns que xeneran malestar
- Adestramento en diversas técnicas de relaxación.
- Actividades grupais para mellorar o reforzo do grupo de cercanía.

- *Conciencia e coñecemento da enfermidade*

Proporcionar información sobre a enfermidade favorece o desenvolvemento de actitudes favorables cara á mesma, propón o desenvolvemento de habilidades específicas para a adherencia aos tratamentos, a comunicación eficaz co sistema socio-sanitario e o coñecemento da enfermidade. Trátase de que na medida do posible, a persoa usuaria asuma a responsabilidade ante o seu propio tratamento e forme parte activa nel.

As actividades a levar a cabo son:

- Psicoeducación grupal
- Psicoeducación individual
- Actitudes fronte a enfermidade e os síntomas
- Medicación como factor de protección
- Prevención de recaídas

- *Programa de integración comunitaria*

Neste programa agrúpanse toda unha serie de actividades destinadas a favorecer o disfrute dun ocio integrador e saudable e ao mesmo tempo facilitar diferentes actividades de tipo cultural e deportivo, actividades lúdicas, artísticas, saídas e excursións, que enchen unha parte das necesidades que as persoas usuarias teñen neste eido e faciliten a súa integración comunitaria. Os obxectivos son:

- Asistir e participar en grupos de actividades.
- Facilitar o uso adecuado e o disfrute do tempo libre
- Fomentar o ocio integrado na comunidade
- Fomentar a rede social da persoa usuaria.

- *Apoio ás familias:*

Aténdense as demandas de familiares das persoas usuarias, e este apoio tamén está aberto a todas aquelas persoas que estean interesadas en calquera aspecto relacionado coa saúde mental. Se a problemática ou demanda considerada non pode ser cuberta polos profesionais do centro, derívase ós servizos públicos de referencia. Desde Apem proporciónase as familias información e orientación para axudarlles a comprender mellor a enfermidade mental e aprender estratexias efectivas de apoio, coa finalidade de promover o benestar de todos os membros da familia.

Ademais desenvólvense outras actividades tales como: utilización das novas tecnoloxías, taller de animación a lectura, taller de organización do tempo libre, e cociña saudable.

APEM desde o ano 2007 dispón dun sistema de xestión de calidade conforme a Norma ISO 9001:2015 certificado por AENOR, que engloba todos os procesos e procedementos de actuación, dende a acollida da persoa beneficiaria do servizo ata a saída do dispositivo, pasando polas distintas intervencións ao longo do seu proceso de rehabilitación.

A atención no CRPL artículase a través dos plans individualizados de intervención (PII), que se elaboran tras unha avaliación integral atendendo as capacidades, necesidades e contexto da persoa. No PII detállanse e gradúan os obxectivos que se expoñen alcanzar, as intervencións que se desenvolverán para alcanzalos e se controlan os resultados.

Durante o proceso de rehabilitación, faise o seguimento dos obxectivos e actividades marcadas e a avaliación de resultados, de modo que permite detectar calquera cambio que se produza na evolución da persoa usuaria, adaptando e reorientando o proceso de intervención e de apoios a realidade da persoa.

### Número estimado de persoas que se beneficiarán

O servizo prestará atención a 20 persoas afectadas por un trastorno mental grave

5. INFORMO QUE A PERSOA QUE ASINARÁ O CONVENIO SERÁ D/<sup>a</sup> Antonia M<sup>a</sup> Eugenia Pérez Amiero que ocupa o cargo de presidenta.
6. DOCUMENTOS QUE SE DEBEN ACHEGAR COA SOLICITUDE CUBERTA:
  - CIF da entidade
  - Copia dos estatutos da entidade
  - Copia do NIF do representante que asinará o Convenio.
  - Certificado da Xunta na que se nomeou como representante/xerente/director a persoa que asinará o convenio e acreditación de contar con poder bastante para a sinatura.
  - Acreditación de estar de alta no rexistro de entidades sociais de Galicia.
  - Certificados da Axencia Estatal de Administración Tributaria, da Tesourería de Seguridade Social e da Facenda Autonómica que acredita que a entidade que represento non ten débedas con ditos organismos
  - Autorizo ao Concello de Arteixo a obter as restantes certificacións que acrediten a inexistencia de calquera débeda coa Deputación, ou o propio Concello, necesarias para completar o expediente.

Arteixo a 26 de marzo de 2024

Sinatura do Representante e selo da entidade

